


UN DÍA DAS LETRAS PARA AVELINO DÍAZ

-XERMOLOS DUNHA ROMAXE-

AVELINO DÍAZ: POETA DA GALIZA EMIGRANTE

Nace Avelino no ano de 1897 no lugar da Travesa, na freguesía de Santa Comba da Órrea, concello de Riotorto (Lugo). Coa súa familia trasladaríase a Meira cando tiña dez anos e, pouco despois, con apenas doce, comeza o seu periplo como emigrante. Un parente lévao traballar para os Buenos Aires da Arxentina, e alá vai el, expectante e resignado coma mozo cumprido:

“como se me dixesen que fose sarchar nas patacas ao leiro
ou levar as ovellas ao monte”.



Volve para Meira en 1916, onde subsiste facendo de mestre en tres aldeas da contorna –sen título acreditativo oficial, o que era frecuente naquel tempo- e indo ás segas a Castela.



Cuba em 1920. (Image tirada do Google)

Catro anos despois volta a emigrar, desta vez para Cuba. Porén, non había encontrar na illa caribeña o afamado paraíso dos colonizadores -de mítica abundancia e riqueza- senón que iría sufrir as duras condicións de miseria e represión polas que pasaban os traballadores. Dous anos despois decide volver a Buenos Aires, onde se establecería definitivamente.

Enchoupado de saudades, no corpo e na alma, relaciónase de contado cos círculos intelectuais galegos na emigración, nos que vai participar activamente e aos que vai ir achegando unha produción poética salientable.

Estrofa de SOMA ESVAÍDA:

*Levaba anceios na ialma,
na fronte, sonos dourados,
nos beizos, ledas surrisas,
no peito amores calados
i-en meiguice de luceiros
os ollos engaiolados.*

Membro do Centro Gallego e da Unión Gallega, destacado orador e conferenciante, incorpórase á Irmandade Galega desde onde realiza reiterados pronunciamentos contra o fascismo español e a favor do recoñecemento do feito nacional galego.

Á intensa actividade como impulsor e dinamizador do asociacionismo xunta unha prolífica produción xornalística. Publica en diferentes revistas editadas na diáspora, como el Despertar Gallego, A Nosa Terra, Lugo, A Fouce, Verba...



(Google)

No centenario da publicación dos “Cantares Gallegos” (17 de maio de 1963, data que dá orixe ao Día das Letras Galegas) escribe para Rosalía de Castro un ben fermoso poema.

*Xaneiro de ruín Vrao
que nos fire e nos abura
cunha lapa de tristura
desque se foi Castelao.*

(de XANEIRO)

Foi homenaxeado, en múltiples ocasións, por diferentes agrupacións e institucións do mundo da emigración. Na homenaxe que a Irmandade Galega lle ofreceu en decembro do 47 interviñeron Manuel Puente e Castelao, de quen sentiria fondamente a súa morte (cando finou -no 1971-, Avelino foi soterrado cabo de Castelao e Suárez Picallo, no Panteón do Centro Gallego).

*Seivoso de sentirme
galego de Nazón e pensamento
non ei de refuxirme
nesta hora crucial, neste momento
ós anxeios e loitas desta hora
coma tantos que viven en demora*

*¡Cantar a Libertade
é deber imperioso desta hora
Quen teña froxedade
e quen ese deber non fai agora
de seguro mañá será xuzgado
e das xentes libertas, refugado!*

(Estrofas de ACEDA VOZ)

*Unha rosa pra ti, Rosalía
con galega fidel devoción
en homaxe das rosas nacidas
na verde roseira
do teu corazón.*

(de UNHA ROSA)

VOLVE ONDA NÓS CO TEU AGASALLO VENTUREIRO

Avanzada a década dos noventa -do pasado século XX- parentes e veciños de Avelino deciden iniciar o proceso de recuperación da súa memoria e da súa obra. El xa non puido volver en vida, pero a súa alma segue camiñando entre os toxos e as xestas desta Galiza malfadada á espera de encontrármonos un día.

*Xesteiras de Santacomba,
donde andiven de rapaz,
tozal da serra de Meira,
quén vos puidera mirar!*
(de AS XESTAS)

*I-ademais non me resolvo
pol-amor de que ó volver
non me poidan conocer
i-é por eso que non volvo.*
(de CARTA PR-Á TERRA)



Á dereita temos ao fillo máis novo de Avelino na primeira visita á casa natal do seus descendentes, no 2014. Na fronte da casa unha placa rememora o seu nacemento, o seu aquel feitío de poeta, o seu humanismo, o seu compromiso aldeán e a súa universalidade.



Manolo Freixo con Pepe G. Murado no xantar que seguiu á andaina.

Manolo Freixo, veciño que fora de Avelino, era na altura concelleiro de Riotorto. Implícase emocionado e fai as xestións para colocar a placa-homenaxe na casa natal. O conto demora ata o 2002, pero á fin materialízase. Hai agora un sinal, unha "pedra chantada" que o lembra, que o trae ao momento, a esa memoria colectiva que é, ao cabo, a Patria:

Que froeza nos prados feiticeiros
a gama de choridas máis fermosa
e que medren nas valgas i-ós outeiros
verdescentes ramallos de loureiros
pra coroar túa fronte maxestosa.

(de ¡MIÑA PATRIA!)

O DESAFÍO: UN DÍA DAS LETRAS PAR AVELINO

Axuntar a súa obra á súa lembranza, espallala e dála a coñecer por aldeas, vilas e cidades, é agora o anxeio de quen ata acó tiña chegado. Implicar as institucións que nos representan ata podermos acadar o recoñecemento pleno deste noso egrexio poeta: “Un día das Letras para Avelino” convértese nun desafío ao que día a día se suman máis persoas, colectivos e entidades.

*Direiche do meu achego
neste meigo falar noso
pois é doce e é mimoso
falar de amor en galego
(de EIDO NOVO)*



A ÓRREA DESVENDABA NO SEU NOME A SÚA PAISAXE

O último domingo de agosto do 2014, convocados pola Asociación Cultural Avelino Díaz, un cento de persoas vaise reunindo en col da casa da Travesa, onde Avelino nacera. Na luminosidade do día, a Órrea, orgullosa de seu, desvelaba no seu nome a súa paisaxe:



Montañas vertixinosas proclaman a súa preveza na procura do ceo, ese non-lugar que nos conforta.

As abas descenden apresuradas cara o fondal distante no que se debuxa un río – Mourín, de nome -, que estorce caprichoso e melancólico a súa canle, dilatando a súa presenza, para máis ficar ...latexando.

Desde a xanela, límpida, da rústica, humilde, casa que ollaba cara o sur, o neno miraba a tona da terra escorregar coa chuvía tempestuosa que bulía entolecida á procura daquel río persuasivo. Arrastrando consigo a fertilidade, a terra pousaba nas sebes e silveiras dos cómaros que interdicián seu camiño, barreiras onde a enxurrada era contida. Logo de escampar o inverno todo, comezaba o labor rexenerador: en cestos e canastos, a aldea enteira -suorenta, derreada- carrexaba costa arriba a terra fuxidía que precisaban para a sementeira.

*Colleitas non abondosas
cada ano máis pequenas
terra que as augas levaban
cando viñan as tormentas
pró río, polas encostas
deixando soio penedas.*

(estrofas de **ESPELLO
ALDEÁN**)



*Xentes sempre consumidas
coma escravos de galeras
collendo toxos no monte
levando esterco prás leiras
carregando sempre feixes
naquela terra costeira
na que nin carros había
porque se deitaban nela.*



Na outra beira érguese a serodia capela de pedra, hoxe caleada agás o campanario aproado ao nordés. A rente, o cemiterio, onde as ánimas agardan polo día, novo, no que os sinos repenicarán, Avelino, na túa memoria.

Cara o outro lado, no campo da feira trátase o gando; comércianse mercadorías; intercámbianse alentos, amores e desexos; transmítense noticias, cóntanse historias, argállanse lendas. Fúndanse mitos.

A ANDAINA: "... tanta gente linda"

Veciños idosos que aínda te lembran, ou que cren lembrarte, veñen chamarte á porta. Porque Ti tamén has vir nesta romaxe. Parentes polo sangue, pola terra, pola dor, pola miseria compartida, pola epopea migratoria, pola lingua asoballada, pola nostalxia da palabra ceibe, polo verso inmensurable... todos por xunto nunha soa voz, clara, aleuta, impetuosa, rexa, que na Galiza enteira se escoite.

Poñámonos a camiñar. Xa estamos os desta xeira: "...tanta gente linda" exclamaría emocionada Verónica, neta de Avelino, desde Buenos Aires da Arxentina cando recibiu as fotos.

A mañá está solleira, aínda morna, ao que tal para afrontar os dous quilómetros da primeira costa.





Franqueados de toxos, xestas e queirogas en flor, brincan os máis cativos –animosos-; parolan gallofeiras as raparigas cos mozos; homes e mulleres novos reencontran a fragancia de antigos camiños, case esquecidos.

Os máis vellos teiman un pouco do seu ímpeto para non esgotaren os folgos, que isto é apenas o inicio dun longo camiño: unha andaina que hoxe fará parada en Meira pero que habrá continuar, multiplicándose, espaxándose por chairas, vales e montañas, ata cruzar o océano que nos abrangue.



O itinerario habíanos levar ao lugar da Pena, cabo de Meira, á casa para que foran vivir cando el tiña apenas 9 anos.

*Cando na patria, redento, me vexa
d-este pesar que me da desazón,
cando no morno regazo me teñas
heiche cantar a mais leda canzón.
(de MUIÑEIRA)*

Cara unha da tarde entramos en Meira. Era día de feira. A pé do case que milenario mosteiro, aldeáns, vilogos e visitantes mesturábanse entre as bancas dos feirantes que comerciaban produtos da horta; artesanías antigas en barro ou ferro; vestidos, saias ou calzóns dos máis variados e coloridos tecidos... Avanzabamos entre o balbordo que a toda concentración festiva lle acae de seu, absorto o persoal nos afaceres propios. De súpeto advirten a nosa chegada e a un intre de silencio cerimonial sucédelle unha inmensa ovación que soaba certa, que contiña os ecos antigos dunha historia por contar.



E alí estaban –non podían faltar!- gaiterías, pandeireteiras e bailadoras, xunguándose a nós coma quen se substancia e dignifica nun aturuxo irrefreable.



Grupo de baile da ANPA do colexio de Meira.



Ei carballeira!!!

*Xa está o gaitero
ó pe do cruceiro
soprando no fol,
i-o tamborileiro
petando lixeiro
lle sigue seu son.*

(de A FESTA DE MEIRA)



“Nove ferreñas” interpreta, por elas musicado, o poema de Avelino “Canzón pró sono dun neno”:

*Polas valgas i os outeiros
a soma da noite cai
i un agromar de luceiros
o ceio amosando vai.
E zoa, zoa, zoa, zoa zoando
o vento polas veigas vai marmulando.*

.....

*E durme, durme, durme, durmindo
Xa durme no barrelo meu anxo lindo.*

NA BEIRA DO MIÑO

Os actos continúan na área recreativa “Profesor Río Barja”, acubillados á sombra de carballos, castiñeiros, nogueiras e bidueiros, coa frescura do arrollo novo do río.



*¡Se xa na ponte de Meira
semellas ser un lanzal
mozo, que canta cantigas
i-ó lonxe vai troulear!*

(de RIO MIÑO)

*Que relembros me viñeron
que deseios de voltar
outra vez á terra miña
ver xesteiras e toxals!*

Ana Veiga, sobriña de
Avelino lendo AS XESTAS.
En lembranza.



Miguel, nado na Órrea,
lendo O MEDO.

Para gañarmos o futuro.

*Tiven polo mundo adiante
muito medo a me perder
e, cando me tope en Meira,
non teréi medo a morrer.*



Tres poemarios publicados e outra chea de poemas inéditos, o que fai un total de máis de 900 composicións, é mérito de abondo para sustentar a reivindicación da súa figura dentro do panorama literario galego/universal.

A presenza institucional dos concellos de Meira e Riotorto, a participación de membros das tres universidades galegas, o apoio da práctica totalidade de asociacións e institucións locais e comarcais –ao que outras se veñen sumando, pouco a pouco, desde

Paco Veiga, sobriño de Avelino e presidente da asociación, presentando o proxecto “Un Día das Letras para Avelino”. Ao seu lado, Carlos Veiga. Ambos os dous, primos entre si.

outros ámbitos da Comunidade- e o entusiasmo de ducias de veciñas e veciños avalan a petición do Día das Letras 2017 para Avelino, ano no que se cumpre o 120 aniversario do seu nacemento.

Despide a xeira Carlos Veiga, con grande ledicia, dando paso aos músicos convidados por “M de Meira”, Tonecho Castelos e Pablo Esqueira, que coa súa música de saudades e soños, amenizaron a fin desta primeira romaxe.



Para sabermos máis podemos consultar o libro “Avelino Díaz: Unha voz comprometida na Galicia emigrante” de Marivel Freire, editado pelas “Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego” (Lugo 2002) ou visitar a web da asociación: avelinodiaz.gal

CHÍOS PARA AVELINO

Nesa mesma xornada entréganse os premios do I CERTAME DE MICROPOESÍA AVELINO DÍAZ, para creación e envío de “chíos” no Twiter. Eis unha escolma:

A conta “Twitter en galego”

elaborou e lanzou a

COMPOSICIÓN CON IMAXE:



Chía, chía, paxariño
ceiba teu ledo cantar
voa de pólas en pólas
polo mesto carballal.

Avelino Díaz

Pescudarei razóns por ti. Acompañeite ata na soidade. Tirarei se non es quen de seguir converténdome na luz da túa escuridade <i>(Laura Rubio - o máis rechouchiado)</i>	Río Miño que naces no Pedregal cun susurro pequeniño que logo grande se fai. <i>(Fina Cagide - o máis favorecido)</i>	Soño de día para que sexa noite para cando aparezan a lúa e as estrelas saber que ela está nunha delas. <i>(Kiko Varela- o máis rechiado)</i>
Nai Mar vilán Serra infinda Palabra liberadora Devezo, degoxo, ansia... Eternal avelino... <i>(Rosende Atilano)</i>	habitar nas pozas do silencio é o que ten unha aprende a non se pasar de lista a marabillarse. <i>(Rosa Enríquez)</i>	Alenta esperanza Vibra memoria Ergue a súa voz, Longa, meditada, Iluminando o carreiro Nos Xuncás. Oura, Avelino, oura! <i>(Marelo Tarabelo)</i>
Non puido voltar ao sitio que máis un ama mais sempre se acordou da súa flor de retama. <i>(Xavier F. Salgado)</i>	Os balcóns da memoria son o lugar máis perigoso. Podes caer. <i>(Navia Rivas)</i>	Pescudarei razóns por ti Acompañareite ata na soidade Tirarei se non es quen de seguir Convertíndome na luz da túa escuridade. <i>(Sñrta Ele)</i>
Eu quixera achegarme a ti, coma calor ao ferreiro remuiñarche o cabelo e rir baixo iste sol tímido do Febreiro. <i>(Edu)</i>	A pesar de seres emigrante a túa patria non esqueciches e dos seus lobicáns e caciques sempre fuches denunciante. <i>(Carlos Veiga)</i>	Componse de experiencias e soños de gozos e de traizóns de risas e de choros a vida vivida, sen agasallos nin concesións. <i>(Marian Álvarez)</i>
Ó lonxe oubea un can, dend-a palleira brila, no ceio, a lúa prateada i-os rapaces es, que voltan da ruada. <i>(Fabián González)</i>	Sexa como queira rematei a canción xa non busco esmola son un novo son! <i>(Atarrecendo)</i>	Teño que dicirche Avelino con gran pesar que hoxe en día a mocidade seguimos tendo que emigrar. <i>(María García Jartín)</i>
Se forte é a dor do que ten que emigrar máis forte é a dor de non poder voltar nara nin sequera a unha nai enterrar! <i>(Pilar Jartín)</i>	O que viven as ROSAS: Renglóns desiguais que lerás ou non. <i>(Fina Eiros)</i>	Unha casa na árbore o que todo neno soña. <i>(Ana Cibeira)</i>
